Síntese:

AS DIMENSIÓNS *TEÓRICA* E *PRÁCTICA* DA RACIONALIDADE FILOSÓFICA (PREGUNTAS E PROBLEMAS FUNDAMENTAIS DA FILOSOFÍA)

1. AS DIMENSIÓNS DA RACIONALIDADE

A racionalidade humana presenta dúas dimensións: a *teórica* e a *práctica*.

1.1. A racionalidade teórica opera no campo do coñecemento maximizando a veracidade das nosas opinións sobre a realidade.
O coñecemento da realidade exprésase en enunciados descritivo-explicativos (oracións enunciativas ou declarativas); isto é "enunciados de feitos".

- O *coñecemento científico* é o seu resultado más sólido e consistente, pero circunscrito ao ámbito do demostrable e verificable/falsable.
- Pero a razón aspira a ir máis alá á busca de principios explicativos máis amplos e comprensivos, que unificasen todos os campos da experiencia. Este "soño" da razón é a *Metafísica*, un pretendido saber que traspasa toda experiencia posible, e as fronteiras do saber científico.
- Pero ademais, a razón tamén se pregunta pola posibilidade mesma do coñecemento e da ciencia, analizando as bases, validez, alcance e límites do mesmo: é a *Gnoseoloxía* e a *Epistemoloxía*.

1.2. A racionalidade práctica opera no campo da acción humana maximizando as posibilidades de acadar os propios fins ou metas.
Os seus enunciados característicos son de tipo valorativo e imperativo.
A racionalidade práctica supón a racionalidade teórica como condición básica.

- Condicións da racionalidade práctica:
  a) Conciencia clara dos propios fins e proxectos.
  b) Xerarquización dos fins.
  c) Coherencia e compatibilidade dos diferentes fins.
  d) Articulación dos medios adecuados para a consecución dos fins.
  e) Disposición a revisar e reformular o propio sistema de fins.
- Planos da racionalidade práctica:
  a) A racionalidade técnica:
     - réxese pola lóxica da eficacia,
     - ten un valor instrumental ao servizo de fins "próximos".
  b) A racionalidade moral:
     - cuestiónase os fins últimos da propia vida: *felicidade* e *xustiza*,
     - fins que non se xustifican nin subordinan a ningún outro, e
     - serven para ordenar e xerarquizar todos os demais fins ou metas.

2. PREGUNTAS E PROBLEMAS FUNDAMENTAIS DA FILOSOFÍA

Kant (filósofo da Ilustración, s.XVIII) condensa así toda a temática filosófica:

- *Que podo coñecer? Problema do coñecemento*: bases, valor, alcance e límites do coñecemento humano. Inclúe ramas ou disciplinas como:
  - *A Lóxica*, que analiza as leis do razoamento correcto.
  - *A Gnoseoloxía*; etimoloxicamente significa teoría do coñecemento.
  - *A Epistemoloxía* ou teoría da Ciencia.
- *Que debo facer? valores e normas* para guiar a actividade humana.
  As principais disciplinas ou ramas que abarca son:

- *A Ética* ou Filosofía da moralidade.
- *A Filosofía do Dereito*: fundamentos filosóficos das normas xurídicas.
- *A Filosofía política*: lexitimidade da organización política do poder.
- *A Estética: r*eflexión filosófica sobre a actividade artística e beleza.
- *A Filosofía do traballo e da técnica, etc.*

- *Que me cabe esperar?* Problema do sentido e destino último da vida.
  As principias disciplinas filosóficas que inclúe son:
  - *A Metafísica*: pregunta polo sentido e os primeiros principios do ser.
  - *A Ontoloxía*: investiga a estrutura da realidade (planos ou niveis).
  - *A Filosofía da Relixión*: trata de clarificar a experiencia relixiosa.
- *Que é o ser humano?* Pregunta que unifica e resume as tres anteriores. A rama ou disciplina filosófica correspondente é a *Antropoloxía.*

2.1. A Gnoseoloxía ou Teoría do coñecemento en xeral (Epistemoloxía na Filosofía de fala inglesa) trata da posibilidade mesma de coñecer.
Dúas grandes orientacións enfrontadas:

a) Empirismo: a orixe de todo coñecemento reside na experiencia sensible. Pero hai moi diferentes graos de radicalidade:
   * Empirismo antigo (Aristóteles e seguidores como Tomé de Aquino):
     - non limitan o coñecemento ao campo da experiencia;
     - consideran que a razón é capaz de ir máis alá da experiencia,
     - defenden un saber de tipo metafísico (até a existencia de Deus).
   * Empirismo inglés, sobre todo Hume (s. XVII-XVIII): posición radical.
     - límite do coñecemento na propia experiencia sensible;
     - imposibilidade dun saber metafísico (carente de validez)
b) Racionalismo:
   - Desconfianza da experiencia sensible, por considerala enganosa e pouco fiable: “os sentidos engánannos moitas veces”.
   - A única fonte fiable de coñecemento é a razón, que opera dedutivamente a partir de verdades ou principios innatos, que a propia razón descobre por intuición intelectual como evidentes.

Kant (s. XVIII) realizará un intento de síntese entre ambas correntes:
- todos os contidos do coñecemento proceden da experiencia,
- pero as estruturas e leis coas que se elaboran os contidos da experiencia non proceden da experiencia, son *a priori*,
- os obxectos metafísicos son inalcanzables ao non ter base empírica.

Supostos metafísicos das teorías antigas e medievais fronte ás modernas:

a) Realismo: As teorías antigas e medievais (tanto empiristas como racionalistas) parten dun realismo inxenuo, que dá por suposta a existencia dunha realidade obxectiva allea e independente do propio suxeito do coñecemento.
b) Idealismo: A Filosofía moderna (dende o racionalismo de Descartes ao Empirismo inglés), cuestiona ese suposto de partida, e considera que o que coñecemos directamente son as nosas ideas ou representacións, non as cousas en si, cuxa existencia é problematizada e deberá ser demostrada.

2.2. A Metafísica
Etimoloxicamente metafísica significa o que está “máis alá” da realidade física.

- A Metafísica constituíuse na Historia como un saber especulativo da razón que traspasa os límites da experiencia; en situación trans-froteiriza.
- Os seus temas e problemas fundamentais non teñen posibilidade de ser resoltos polas ciencias: como o problema do sentido último da realidade.

A problemática metafísica centrouse en tres principios:
a) o "eu" ou realidade (*res*) pensante, denominado tradicionalmente *alma*,
b) o "mundo" ou realidade externa (*res extensa*), e
c) "Deus" ou realidade (*res*) infinita, como principio absoluto explicativo de todo.
Kant consideraba que as tres ideas da razón, *alma, mundo e Deus*, regulan e estimulan a actividade da razón como ideais ou metas a acadar, pero que non constitúen coñecemento, por traspasar os límites da experiencia.

2.2.1. O suxeito humano

A reflexión metafísica sobre o "eu", como suxeito último que unifica a totalidade das experiencias vividas, presenta na actualidade tres problemas destacados:
1. O problema da relación mente-cerebro, no que pervive o vello problema metafísico da relación alma-corpo. As dúas posicións extremas son:

a) *O monismo*, que reduce o mental á actividade fisiolóxica do cerebro. A *teoría emerxentista* distingue diferentes niveis con propiedades características irredutibles entre si, pero uns niveis emerxen doutros niveis inferiores nun proceso de complexidade crecente.

b) O *dualismo,* que mantén a irredutibilidade de mente e cerebro como entidades diferentes aínda que en interacción.

2. O problema da liberdade: o dilema entre a liberdade humana e o determinismo causal dos fenómenos naturais.
3. O problema da morte: redúcese ao problema do sentido da vida humana, que se sabe finita temporalmente.

2.2.2. A realidade exterior

Dúas concepcións metafísicas básicas sobre a realidade:

a) As materialistas:
   - A realidade fundamental é materia, reducindo o plano psíquico, mental ou espiritual a meros produtos da actividade material do cerebro (monismo antropolóxico).
   - Consecuentemente sosterán tamén posturas agnósticas ou explicitamente ateas en canto á existencia de Deus.

b) As espiritualistas:
   - Conciben a realidade fundamental como algo inmaterial (idea ou espírito) negando a realidade material ou degradándoa ontoloxicamente como mera copia ou imitación.
   - Dualismo antropolóxico asimétrico: a alma espiritual e inmortal é a realidade esencial do ser humano, reducindo o corpo a mero soporte ou prisión da mesma.
   - Interpretación teísta para dotar de finalidade e sentido á realidade.

2.2.3. Deus

O tema de Deus ten na súa base un feito singular que é a experiencia relixiosa do sagrado: experiencia inefable dun poder absoluto e transcendente que se presenta como un misterio fascinante e tremendo ante o que o suxeito humano se sente moi pequeno e que provoca nel un temor reverencial.